

O PSdeG lamenta que o PP "lle dea as costas ós lucenses" ó non apoiar a recollida de firmas para os servizos do HULA

Ante esta actitude "insensible" que mantén a dereita da provincia a pesar da forte demanda social, que xa foi secundada por case 17.000 persoas, e tendo en conta a súa maioría no Parlamento galego, os socialistas temen que o PP "chegue a tumbar" a Iniciativa Lexislativa Popular, o que suporá "un grave prexuízo para os veciños"

Dado o "desmantelamento claro que perpetra" o PP da sanidade provincial e co obxectivo de rematar coa discriminación que padece Lugo neste eido, pídenlle ó Goberno de Feijóo que comprometa nos Orzamentos de 2014 a dotación destas prestacións, indicando datas concretas, xa que "sen prazos nin orzamento, non hai realidade"

O PSdeG de Lugo asegura que a falta de apoio do PP á campaña de recollida de firmas emprendida pola Federación de Asociacións Veciñais de Lugo co fin de presentar unha Iniciativa Lexislativa Popular (IPL) para reclamar á Xunta a dotación do HULA de Radioterapia, Hemodinámica as 24 horas e Medicina Nuclear "demostra claramente que a dereita desta provincia dálle as costas ós lucenses en todos os asuntos importantes: sanidade, servizos sociais, educación, emprego, pensións... É unha mera sucursal do Goberno de Feijóo, que se prega a todas as súas decisións, por máis inxustas e prexudiciais que sexan para os veciños". A pesar do forte respaldo social que está a recibir esta demanda, xa secundada por preto de 17.000 persoas, "o PP non tivo a dignidade de plasmar unha soa sinatura, máis que o alcalde de Baralla, iso si, non sabemos por convición real ou por lavado de imaxe", explicou a deputada autonómica socialista, Concepción Burgo.

Deste xeito, engadiu, os populares "deixan ben claro que non están por garantir o benestar dos cidadáns, nin a saúde de todos os lucenses, senón por privatizar un dereito polo que levamos loitado tanto. Garantir que todos teñamos acceso a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade non lles importa". Ante a actitude "insensible" do PP e tendo en conta a súa maioría absoluta no Parlamento de Galicia, os socialistas temen que "cheguen a tumbar a ILP", o que suporá "un gran prexuízo para os lucenses".

"Desmantelamento absoluto da sanidade na provincia"

Para a parlamentaria, esta falta de apoio é "o espello no que se mira o PP cada día dende que gobernan en Madrid e en Galicia. Están dilapidando claramente o Estado de Benestar e todos aqueles logros que conseguimos nos últimos anos, e polos que loitamos tanto os socialistas, como foron a Educación e a Sanidade pública para todos".

Neste senso, incide na "política devastadora e desmanteladora que está a levar a cabo este Partido da Sanidade luguesa, que se suma a outras medidas restritivas e discriminatorias que xa aplicou na provincia. Véxase, pois, a actitude da Xunta de Galicia, quen non fixo nada para evitar que Concellos como Cervo, Ribadeo ou Xove teñan hoxe un médico menos; que no verán o SERGAS pechase 125 camas inxustificadamente, coas consecuencias sanitarias que isto conleva para os cidadáns, ou o apoio manifestado ó repago dos medicamentos dispensados en farmacias hospitalarias para enfermos graves e crónicos. Claramente, "o Goberno segue ensañándose cos lucenses dunha forma cada vez máis inxusta e incomprensible", subliña.

Concreción de prazos, "si ou si"

Así mesmo, Concepción Burgo esíxelle, unha vez máis, á Consellería de Sanidade que concrete "si ou si" de forma inmediata os prazos nos que ten previsto implantar os servizos de Radioterapia, Hemodinámica as 24 horas e Medicina Nuclear no HULA. "Está moi ben que nos digan que están dando os primeiros pasos para a súa implantación, pero o que queremos todos os lucenses é que nos



expliquen, dunha vez por todas, cando os doentes de cancro van ter que deixar de ir á Coruña ou a Santiago para recibir o tratamento indicado nestes casos". Para os socialistas, a concreción dos prazos é unha cuestión urxente e necesaria, pois "levamos máis de dous anos esperando por esta dotación; o mesmo tempo que pasou dende que o Presidente da Xunta nolo prometeu en 2011 na inauguración do novo Hospital".

Tendo en conta o tempo transcorrido dende que o Executivo galego anunciou publicamente o equipamento destes servizos, o PSdeG considera que o anuncio de contratación da colaboración público-privada para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de tecnoloxía do SERGAS durante os vindeiros oito anos, e que estará destinada á compra de equipos dos servizos reiteradamente prometidos, "non é suficiente". Con esta iniciativa, asegura Burgo, "o único que intenta Feijóo é tapar a única realidade que existe: seguimos sendo a única provincia galega sen estas Unidades. Esta é a única verdade, todo o demais resposta á unha estratexia burda de seguir enganando ós cidadáns desta provincia".

Así mesmo, e co obxectivo de rematar coa discriminación que padece a provincia neste eido, pídelle ó Goberno autonómico que asuma a súa responsabilidade e comprometa nos Orzamentos de 2014 a dotación destes servizos, "xa que sen prazos nin orzamentos, non hai realidade". Este incumprimento manifesto do Goberno autonómico provoca que a provincia de Lugo se sitúe nunha situación claramente desfavorable, e que resulta incomprensible, sobre todo, porque o HULA cumpre todos os requisitos técnicos e humanos para poder albergar estas unidades.

10 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo